

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO
CORRESPONDENTE O DIA 17 DE DECEMBRO DE 1996.-**

Na Sede Provisional da Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia, sita en Salgado Moscoso, 9, o día dezasete de Decembro de mil novecentos noventa e seis; ás sete da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.- Non asiste Don José Pérez Iglesias.

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se- los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 9 de Decembro.

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIADANS.-

Visto o escrito de Don Emilio Docampo Diéguez, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Avda. Redondela, 2º B, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga no inmobile da súa propiedade, sito no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda conceder o dereito de acometida para o uso solicitado, que será supervisada pola empresa concesionaria do servicio; o interesado fará aboamento no

Concello da cantidade de 7.000 pesetas, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal do prezo público polo subministro de auga, artigo 4, párrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Visto o escrito da Delegación Provincial da Consellería de Xustiza Interior e Relacións Laborais, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga no inmovible no que esta ubicado o Xulgado de Ribadavia, sito na Praza Maior s/n, desta Vila, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda conceder o dereito de acometida para o uso solicitado, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 7.000 pesetas, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal do prezo público polo subministro de auga, artigo 4, párrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Visto o escrito de Dona María Ríos Araújo, veciña desta Vila, con domicilio na rúa Avda. Redondela, 4º B, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga no inmovible da súa propiedade, sito no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda conceder o dereito de acometida para o uso solicitado, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 7.000 pesetas, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal do prezo público polo subministro de auga, artigo 4, párrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Visto o escrito de Don Manuel Pérez Iglesias, veciño de San Cristovo, con domicilio no Matiño, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga no inmovible da súa propiedade, sito no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda conceder o dereito de acometida para o uso solicitado, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 7.000 pesetas, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal do prezo público polo

subministro de auga, artigo 4, párrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servicio.

Visto o escrito de Don Baltasar López Lamas, veciño de As Pontes de García Rodríguez (A Coruña), no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga no inmovible da súa propiedade, sito na rúa Ribeiro, 21, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda conceder o dereito de acometida para o uso solicitado que será supervisada pola empresa concesionaria do servicio; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 7.000 pesetas, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal do prezo público polo subministro de auga, artigo 4, párrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servicio.

Visto o escrito de Don Teodoro Bouzas Gómez, veciño desta Vila, con domicilio na rúa Ribeiro, 1, 3º D, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para unha adega da súa propiedade, sita no Castro-San Paio, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda conceder o dereito de acometida para o uso solicitado, que será supervisada pola empresa concesionaria do servicio; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 7.000 pesetas, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal do prezo público polo subministro de auga, artigo 4, párrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servicio.

Visto o escrito de Don Francisco Javier Bouzas Gómez, veciño de San Cristovo, con domicilio na rúa do Carballiño, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga no inmovible da súa propiedade, sito no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda conceder o dereito de acometida para o uso solicitado, que será supervisada pola empresa concesionaria do servicio; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 7.000 pesetas, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licenza ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal do prezo público polo subministro de auga, artigo 4, párrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servicio.

Visto o escrito de Don Angel Rodríguez Vázquez, veciño da Foz,

47, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga no inmovible da súa propiedade, sito no devandito lugar, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda conceder o dereito de acometida para o uso solicitado, que será supervisada pola empresa concesionaria do servicio; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 7.000 pesetas, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licencia ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal do prezo público polo subministro de auga, artigo 4, párrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servicio.

Visto o escrito de Dona María del Carmen Fernández Vázquez, veciña de Francelos, con domicilio na Estrada, 2, 3º A, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga no inmovible da súa propiedade, sito na Avda. Redondela, 3º A, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda conceder o dereito de acometida para o uso solicitado que será supervisada pola empresa concesionaria do servicio; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 7.000 pesetas, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licencia ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal do prezo público polo subministro de auga, artigo 4, párrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servicio.

Visto o escrito de Don Fidel Centrón González, veciño de Carballeda de Avia, con domicilio en Vilariño, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga no inmovible da súa propiedade, sito na Xarmenta, 10, de San Cristovo, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade acorda conceder o dereito de acometida para o uso solicitado, que será supervisada pola empresa concesionaria do servicio; o interesado fará aboamento no Concello da cantidade de 7.000 pesetas, en concepto de dereitos de acometida, sen o cal requisito esta licencia ficará nula e sen efecto, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal do prezo público polo subministro de auga, artigo 4, párrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servicio.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento dos seguintes:

Da Farmacéutica titular, partes quincenais de cloración de augas

do abastecemento de consumo público de Ribadavia e Santa Cristina.

Do Servicio do Medio Ambiente Natural, no que comunica que a batida solicitada por este Concello contra cans asilvestrados no lugar de Francelos é competencia desta Administración. Por conseguinte, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda levar a cabo a mesma en data aínda sen determinar, a cal data comunicárase coa debida antelación tanto ó Goberno Civil coma ó Servicio do Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o expediente de xeración de créditos nº8/96, por importe de 1.000.000 pesetas, con cargo a unha subvención do Instituto Galego de Consumo, para axudas ós Concellos para actividades de información, educación e defensa do consumidor e usuario para o ano 1996.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación ó listado cobratorio dos recibos da rede de sumidoiro, correspondente ó ano 1996, por un importe total de 3.903.923 pesetas.- Acorda a Comisión sinalar coma período de cobranza voluntario entre o vindeiro 20 de Decembro e o 19 de Febreiro de 1997.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación do listado cobratorio do prezo público de auga, 5º bimestre de 1996, por importe de 3.327.444 pesetas máis 233.601 pesetas de IVE; resultando un total de 3.561.045 pesetas.- Así mesmo, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-lo listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ó 5º bimestre de 1996, por importe de 1.475.939 pesetas.- Acorda tamén a Comisión sinalar coma período de cobranza voluntario dos servizos anteriormente referidos entre o vindeiro 20 de Decembro e o 10 de Xaneiro de 1997.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, e coa finalidade de garanti-la xestión cobratoria do Imposto de Actividades Económicas e facilita-lo pago por parte dos contribuíntes, acorda prorroga-lo prazo ata o 31 de Decembro do presente ano.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-

lo modificado do proxecto da obra denominada "Saneamento Maquiás e Gandarela".- Programa P.I.E.L./1996, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Don Pablo González Rodríguez (Diagrama Enxeñería S.L.), cun presuposto xeral de 9.701.220 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación a unha factura por importe de 100.000 pesetas, presentada pola Banda de Música "La Lira", con motivo dunha actuación fóra do convenio durante a Feira do Viño pasada.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aboar 80.000 pesetas a Don Víctor José Deaño Canitrot, membro da Policía Local deste Concello, pola realización de servicios extraordinarios durante dez días no mes de Setembro pasado.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda aproba-la minuta por gastos de desprazamento a Madrid os pasados días 6 e 7 de Novembro con motivo do proxecto "Rede de Xuderías de España", presentada por Don Federico Pérez Mato por importe de 32.147 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación o Convenio entre o Concello de Ribadavia e a Agrupación deportiva O Ribeiro para o uso das instalacións deportivas municipais.

A Comisión Municipal de goberno, por unanimidade, acorda conceder unha subvención de 15.000 pesetas a Comisión de Festas de Prexigueiro pola organización da Festa de Santa Lucía.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación a unha factura presentada por Almacéns Sánchez Villar, S.L., de material subministrado por importe de 500.002 pesetas, ós efectos de que se remita á Excma. Deputación Provincial para xustifica-la subvención concedida por dito Organismo, segundo Decreto de data 29 de Febreiro de 1996, para "Local Social da Grova".

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación a unha factura presentada por Almacéns Sánchez Villar, S.L., de material subministrado por importe de 500.001 pesetas, ós efectos de que se remita á Excma. Deputación Provincial para xustifica-la subvención concedida por dito Organismo, segundo Decreto de data 26 de Marzo de 1996, para "Local Social para vivendas de protección oficial da Estrada do Carballiño".

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non se formularon.

E sendo as sete e media da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.